DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 90 | Venres, 11 de maio de 2018 | Páx. 23909

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*EXTRACTO da Orde do 26 de abril de 2018 pola que se convocan os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2017/18.*

BDNS (Identif.): 396874.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Alumnado que cursase durante o ano académico 2017/18 cuarto curso de educación secundaria obrigatoria no réxime ordinario en calquera dos centros da Comunidade Autónoma de Galicia, estar proposto polo equipo docente para a expedición do título de graduado en educación secundaria e ter obtido no conxunto dos catro cursos de educación secundaria obrigatoria unha nota media igual ou superior a 9,00 puntos.

Segundo. *Obxecto*

Convocar, na Comunidade Autónoma de Galicia, os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico (procedemento ED311D) correspondentes ao curso 2017/18. Esta convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, está dirixida ao alumnado que destacase polo seu rendemento académico na etapa de educación secundaria obrigatoria.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde EDU/1611/2015, do 29 de xullo (BOE do 1 de agosto), pola que se crean e regulan os premios nacionais ao rendemento académico do alumnado de educación secundaria obrigatoria e de ensinanzas artísticas profesionais nos ámbitos de música, danza e artes plásticas e deseño.

CVE-DOG: hlr2wrw1-tja4-6c87-7tv6-hg5qyny46cf4

Cuarto. *Importe*

Vinte premios extraordinarios cunha dotación global de 15.000 €. Cada premio estará dotado con 750 €.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, comezará o día 7 de xuño de 2018 e rematará o día 6 de xullo de 2018.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2018

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

CVE-DOG: hlr2wrw1-tja4-6c87-7tv6-hg5qyny46cf4